


## ANEXO II

## Modelo de placa distintiva



Placa metálica, cadrada de 480 milímetros de lado, cos seus catro vértices redondeados e fondo de cor azul.

Os símbolos que se indican son unha chave inglesa, unha frecha crebada, un martelo e unha pistola de pintar, en cor azul sobre fondo branco.

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación está inspirada por un compromiso decidido cos obxectivos formulados pola Unión Europea para os vindeiros anos en relación coa mellora da calidade e coa eficacia dos sistemas de educación e formación.

Así, establece como un dos fins do sistema educativo a capacitación para a comunicación na lingua oficial, na lingua cooficial e nunha ou máis linguas estranxeiras. Ademais, esta lei adquire un compromiso decidido cos obxectivos educativos da Unión Europea dos últimos anos, entre os cales se atopa a apertura do sistema educativo ao mundo exterior, que implica entre outras cousas mellorar a aprendizaxe de linguas estranxeiras, aumentar a mobilidade e os intercambios, así como reforzar a cooperación europea. No seu artigo 157º, a LOE establece que lles corresponde ás administracións educativas fornecer os recursos necesarios para garantir a creación de programas de reforzo de aprendizaxe de linguas estranxeiras.

Tras a experiencia acumulada a través de programas experimentais, como o Programa de anticipación da primeira lingua estranxeira e o Plan de Seccións Bilingües, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en liña co fomento da diversidade lingüística e cultural presente na política educativa da

Unión Europea, relacionado co respecto aos dereitos e ás necesidades lingüísticas, a igualdade nas comunicacións, o plurilingüismo, a conservación de linguas e culturas e, obviamente, co fomento e o estímulo da aprendizaxe de linguas estranxeiras, deu un paso máis no desenvolvemento do feito plurilingüe na comunidade galega mediante a creación dos denominados centros plurilingües, que promoven a impartición de ata un terzo do horario lectivo do alumnado en lingua estranxeira, segundo o disposto no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Cómpre potenciar a participación do profesorado que imparta en lingua estranxeira a área, materia ou módulo non lingüístico e deseñar accións formativas dirixidas á actualización lingüística e ao desenvolvemento da metodoloxía AICLE (aprendizaxe integrada de contidos e linguas estranxeiras). Con tal fin, é necesario articular mecanismos para que o profesorado acredite a súa formación lingüística, así como xerar unha actitude de formación permanente e expectativas positivas en prol da incorporación da lingua estranxeira como lingua vehicular no ámbito académico.

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer o procedemento para que o profesorado especialista de áreas, materias ou módulos non lingüísticos acredite o seu nivel de coñecemento en idiomas, para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos, e definir un itinerario formativo orientado a que o profesorado acade unha competencia lingüística equivalente, polo menos, ao nivel B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas.

#### Artigo 2º.-*Ámbito de aplicación.*

Esta orde é de aplicación ao persoal funcionario e ao persoal laboral que imparte as ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional específica nos centros docentes sostidos con fondos públicos dentro do ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 3º.-*Rexistro de acreditación de competencias lingüísticas.*

O persoal docente a que se refire o artigo anterior que estea en posesión do certificado de ter superado o nivel básico, intermedio ou avanzado das escolas oficiais de idiomas ou equivalentes, ou outros certificados que acrediten os niveis de competencia acordados ao Marco común europeo de referencia para as linguas, segundo a relación que figura como anexo a esta orde, poderá completar o seu expediente na páxina web [www.edu.xunta.es/datospersonais](http://www.edu.xunta.es/datospersonais), xerando unha instancia coas alegacións introducidas que deberá presentar, xunto coa documentación xustificativa, dirixida a Subdirección Xeral de Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

#### Artigo 4º.-*Proba inicial de clasificación.*

O persoal docente que posúa competencias en linguas estranxeiras obtidas por vías non formais, poderá realizar unha proba inicial de clasificación co

obxecto de acceder ao curso de formación que lle corresponda no itinerario formativo establecido no artigo 5º desta orde. Esta proba desenvolverase nas escolas oficiais de idiomas que se determinen ou a través de institucións de recoñecido prestixio, conforme as instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

#### Artigo 5º.-Itinerario formativo.

1. Tendo en conta os niveis de competencia lingüística que o profesorado teña acreditado a través dos procedementos previstos nos artigos 3º e 4º desta orde, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa programará cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC), que dean continuidade aos coñecementos adquiridos. Estes cursos estarán secuenciados nun itinerario formativo segundo os niveis A2, B1 e B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas, do Consello de Europa.

2. Os cursos de formación poderanse realizar nas escolas oficiais de idiomas e noutros centros públicos docentes, seguindo criterios de número de persoal docente que solicite a formación e de equidade territorial.

#### Artigo 6º.-Probas de acreditación.

1. Ao remate de cada curso do itinerario formativo, o profesorado asistente deberá superar unha proba final que acreditará o seu nivel de competencia comunicativa e lingüística, para os efectos de continuar a súa formación en linguas no curso seguinte.

2. Ao remate do itinerario formativo, o profesorado interesado deberá superar unha proba de certificación para acreditar o nivel B2 de competencia do Marco común europeo de referencia para as linguas, que se desenvolverá nas escolas oficiais de idiomas ou, se é o caso, a través de institucións de recoñecido prestixio, conforme as instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Ao persoal docente que supere a referida proba nas escolas oficiais de idiomas expediráselle certificación de ter acadado o nivel avanzado segundo o establecido no Decreto 239/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo de nivel avanzado das ensinanzas de réxime especial de idiomas.

3. A superación da proba de certificación de nivel B2 acreditará ao profesorado para a impartición de áreas, materias ou módulos non lingüísticos nas ensinanzas de réxime xeral nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

#### Artigo 7º.-Estadías formativas.

1. Para participar nas estadías formativas correspondentes ao programa de apoio ao ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras, ben no estranxeiro ou en España, o persoal docente deberá acreditar, polo menos, unha competencia lingüística do nivel B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas, na lingua correspondente.

2. O profesorado que participe en estadías formativas, deberá impartir a área, materia ou módulo da súa especialidade na lingua estranxeira correspondente, ao remate da súa formación.

Artigo 8º.-*Actualización das competencias en idiomas.*

1. Coa finalidade de garantir a formación permanente do profesorado, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá un plan específico de formación en metodoloxía AICLE para o persoal docente que imparta en lingua estranxeira a súa área, materia ou módulo.

2. O profesorado a que fai referencia o punto anterior terá prioridade para participar en accións de formación específicas mediante cursos de actualización lingüística, cursos sobre metodoloxía AICLE e estadías formativas, entre outros.

#### Artigo 9º.-*Mobilidade do profesorado.*

O profesorado con destino definitivo en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que posúa competencias en linguas estranxeiras no nivel B2, e que imparta no seu centro de destino en lingua estranxeira a área, materia ou módulo da súa especialidade, terá preferencia nas convocatorias de comisión de servizos que, se é o caso, se realicen para cubrir necesidades de profesorado en centros que vaian implementar a aprendizaxe de idiomas.

#### *Disposición adicional*

Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación a ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta orde.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2011.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación  
e Ordenación Universitaria

#### *ANEXO*

#### Alemán

A2	Certificado de nivel básico de alemán das escolas oficiais de idiomas Start Deutsch 2 (Goethe Institut) A2 Grundstufe Deutsch 2 (A2 GD2-Österreichisches Sprachdiplom) UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) alemán nivel A2 BULATS alemán (20-39)
B1	Certificado de nivel intermedio de alemán das escolas oficiais de idiomas Certificado de ciclo elemental en alemán das escolas oficiais de idiomas B1 Zertifikat Deutsch (B1 ZD-Österreichisches Sprachdiplom) BULATS alemán (40-59)
B2	Certificado de nivel avanzado de alemán das escolas oficiais de idiomas Certificado de aptitude (ciclo superior) en alemán das escolas oficiais de idiomas Zertifikat Deutsch für den Beruf (ZDFB-Goethe Institut) Goethe-Zertifikat B2 (Goethe Institut) Test Deutsch als Fremdsprache Niveaustufe 4 (TestDaF 4-Goethe Institut) B2 Mittelstufe Deutsch (B2 MD-Österreichisches Sprachdiplom) BULATS alemán (60-74)
C1	Certificado de superación das probas terminais de nivel C1 en alemán das escolas oficiais de idiomas Goethe-Zertifikat C1 (Goethe Institut) Zentrale Mittelstufenprüfung (ZM) Test Deutsch als Fremdsprache Niveaustufe 5 (TestDaF 5-Goethe Institut) C1 Oberstufe Deutsch (C1 OD-Österreichisches Sprachdiplom) BULATS alemán (75-89)
C2	Licenciatura en filoloxía alemá Licenciatura en filoloxía: sección angloxermánica Licenciatura en filoloxía: sección filoloxía xermánica (alemán) Licenciatura en filoloxía: sección filoloxía moderna: especialidade alemán Licenciatura en filosofía e letras: sección filoloxía xermánica Licenciatura en filosofía e letras: división filoloxía: sección filoloxía angloxermánica Licenciatura en tradución e interpretación (lingua B alemán) Zentrale Oberstufenprüfung (ZOP-Goethe Institut) Kleines Deutsches Sprachdiplom (KDS-Goethe Institut) Großes Deutsches Sprachdiplom (GDS-Goethe Institut) C2 Wirtschaftssprache Deutsch (C2 WD-Österreichisches Sprachdiplom) BULATS alemán (90-100)

**Árabe**

A2	Certificado de nivel básico de árabe das escolas oficiais de idiomas UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) árabe nivel A2
B1	Certificado de nivel intermedio de árabe das escolas oficiais de idiomas Certificado de ciclo elemental en árabe das escolas oficiais de idiomas
B2	Certificado de nivel avanzado de árabe das escolas oficiais de idiomas Certificado de aptitude (ciclo superior) en árabe das escolas oficiais de idiomas
C1	—
C2	Licenciatura en filoloxía árabe Licenciatura en tradución e interpretación (lingua B árabe)

**Chinés**

A2	Certificado de nivel básico de chinés das escolas oficiais de idiomas Diploma de chinés HSK (nivel 2 ou básico C) UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) chinés nivel A2
B1	Certificado de nivel intermedio de chinés das escolas oficiais de idiomas Certificado de ciclo elemental en chinés das escolas oficiais de idiomas Diploma de chinés HSK (nivel 3 ou elemental A)
B2	Certificado de nivel avanzado de chinés das escolas oficiais de idiomas Certificado de aptitude (ciclo superior) en chinés das escolas oficiais de idiomas Diploma de chinés HSK (nivel 4 ou intermedio A)
C1	Diploma de chinés HSK (nivel 5 ou avanzado C)
C2	Licenciatura en filoloxía chinesa Licenciatura en tradución e interpretación (lingua B chinés) Diploma de chinés HSK (nivel 6 ou avanzado A)

**Francés**

A2	Certificado de nivel básico de francés das escolas oficiais de idiomas Diplôme d'Études en Langue Française (DELF Alliance Française) A2 Test de Connaissance du Français (TCF) Niveau 2/A2 Certificat d'Études de Français Pratique 1 (CEFP 1 Alliance Française) UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) francés nivel A2 BULATS francés (20-39)
B1	Certificado de nivel intermedio de francés das escolas oficiais de idiomas Certificado de ciclo elemental en francés das escolas oficiais de idiomas Diplôme d'Études en Langue Française (DELF Alliance Française) B1 Test de Connaissance du Français (TCF) Niveau 3/B1 Certificat d'Études de Français Pratique 2 (CEFP 2 Alliance Française) BULATS francés (40-59)
B2	Certificado de nivel avanzado de francés das escolas oficiais de idiomas Certificado de aptitude (ciclo superior) en francés das escolas oficiais de idiomas Mestre: especialidade lingua estranxeira (francés) Diplôme d'Études en Langue Française (DELF Alliance Française) second degré ou B2 Diplôme de Langue Française (DL Alliance Française) B2 Test de Connaissance du Français (TCF) Niveau 4/B2 BULATS francés (60-74)
C1	Certificado de superación das probas terminais de nivel C1 en francés das escolas oficiais de idiomas Diplôme Approfondi de Langue Française (DALF Alliance Française) C1 Diplôme Supérieur d'Études Françaises Modernes (DS Alliance Française) C1 Test de Connaissance du Français (TCF) Niveau 5/C1 BULATS francés (75-89)
C2	Licenciatura en filoloxía francesa Licenciatura en filoloxía: sección filoloxía románica (francés) Licenciatura en filoloxía: sección filoloxía moderna: especialidade francés Licenciatura en filosofía e letras: sección filoloxía francesa Licenciatura en filosofía e letras: división filoloxía: sección filoloxía románica (francés) Licenciatura en filosofía e letras: división filoloxía: sección filoloxía moderna: especialidade francés Licenciatura en filosofía e letras: división filoloxía: sección filoloxía francesa Licenciatura en tradución e interpretación (lingua B francés) Diplôme Approfondi de Langue Française (DALF Alliance Française) C2 Diplôme de Hautes Études Françaises (DHEF) C2 Test de Connaissance du Français (TCF) Niveau 6/C2 BULATS francés (90-100)

**Inglés**

A2	Certificado de nivel básico de inglés das escolas oficiais de idiomas Key English Test (KET-University of Cambridge) Trinity College-Integrated Skills in English Examinations ISE 0 (A2) Trinity College-Graded Examinations in Spoken English (GESE), grade 3 ou grade 4 UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) inglés nivel A2 BULATS inglés (20-39)
----	--

B1	Certificado de nivel intermedio de inglés das escolas oficiais de idiomas Certificado de ciclo elemental en inglés das escolas oficiais de idiomas Preliminary English Test (PET-University of Cambridge) Trinity College-Integrated Skills in English Examinations ISE I (B1) Trinity College-Graded Examinations in Spoken English (GESE), grade 5 ou grade 6 TOEFL iBT (Test of English as a Foreign Language-Internet-based Test): 57-86 TOEFL PBT (Test of English as a Foreign Language-Paper-based Test): 487-567 IELTS (International English Language Testing System) 4.0-5.0 BULATS inglés (40-59)
B2	Certificado de nivel avanzado de inglés das escolas oficiais de idiomas Certificado de aptitude (ciclo superior) en inglés das escolas oficiais de idiomas Mestre: especialidade lingua estranxeira (inglés) First Certificate in English (FCE-University of Cambridge) Trinity College-Graded Examinations in Spoken English (GESE), grade 7, grade 8 ou grade 9 Trinity College-Integrated Skills in English Examinations ISE II (B2) London Test of English (LTE)/Pearson Test of English (PTE) General-Upper-Intermediate (Level 3) TOEFL iBT (Test of English as a Foreign Language-Internet-based Test): 87-109 TOEFL PBT (Test of English as a Foreign Language-Paper-based Test): 570-630 ECCE (Examination for the Certificate of Competency in English-University of Michigan) IELTS (International English Language Testing System) 5.5-6.5 BULATS inglés (60-74)
C1	Certificado de superación das probas terminais de nivel C1 en inglés das escolas oficiais de idiomas Certificate in Advanced English (CAE-University of Cambridge) BULATS inglés (75-89) Trinity College-Integrated Skills in English Examinations ISE III (C1) Trinity College-Graded Examinations in Spoken English (GESE), grade 10 ou grade 11 London Test of English (LTE)/Pearson Test of English (PTE) General-Advanced (Level 4) TOEFL iBT (Test of English as a Foreign Language-Internet-based Test): 110-120 TOEFL PBT (Test of English as a Foreign Language-Paper-based Test): 637-677 IELTS (International English Language Testing System) 7.0-8.0 BULATS inglés (75-89)
C2	Certificado de superación das probas terminais de nivel C2 en inglés das escolas oficiais de idiomas Licenciatura en filoloxía inglesa Licenciatura en filoloxía: sección angloxermánica Licenciatura en filoloxía: sección filoloxía xermánica (inglés) Licenciatura en filoloxía: sección filoloxía moderna: especialidade inglés Licenciatura en filosofía e letras: sección filoloxía inglesa Licenciatura en filosofía e letras: división filoloxía: sección filoloxía angloxermánica Licenciatura en filosofía e letras: división filoloxía: sección filoloxía xermánica (inglés) Licenciatura en filosofía e letras: división filoloxía: sección filoloxía moderna: especialidade inglés Licenciatura en filosofía e letras: división filoloxía: sección filoloxía inglesa Licenciatura en tradución e interpretación (lingua B inglés) Certificate of Proficiency in English (CPE-University of Cambridge) Trinity College-Integrated Skills in English Examinations ISE IV (C2) Trinity College-Graded Examinations in Spoken English (GESE), grade 12 London Test of English (LTE)/Pearson Test of English (PTE) General-Proficiency (Level 5) ECEP (Examination for the Certificate of Proficiency in English-University of Michigan) IELTS (International English Language Testing System) 9.0 BULATS inglés (90-100)

**Italiano**

A2	Certificado de nivel básico de italiano das escolas oficiais de idiomas Certificado di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 1 (CELI 1) (Università per Stranieri di Perugia) CILS A2 (Università per Stranieri di Siena) PLIDA A2 (Società Dante Alighieri di Roma) DELI A2 (Diploma Elementare di Lingua Italiana Firenze-Accademia Italiana di Lingua) base.IT (livello A2-Università degli Studi di Roma Tre) UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Italiano nivel A2
B1	Certificado de nivel intermedio de italiano das escolas oficiais de idiomas Certificado de ciclo elemental en italiano das escolas oficiais de idiomas Certificado di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 2 (CELI 2) (Università per Stranieri di Perugia) CILS Uno B1 (Università per Stranieri di Siena) PLIDA B1 (Società Dante Alighieri di Roma) DILI B1 (Diploma Intermedio I di Lingua Italiana Firenze-Accademia Italiana di Lingua) ele.IT (livello B1-Università degli Studi di Roma Tre)

B2	Certificado de nivel avanzado de italiano das escolas oficiais de idiomas Certificado de aptitude (ciclo superior) en italiano das escolas oficiais de idiomas Certificado di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 3 (CELI 3) (Università per Stranieri di Perugia) CILS Due B2 (Università per Stranieri di Siena) PLIDA B2 (Società Dante Alighieri di Roma) DILI B2 (Diploma Intermedio II di Lingua Italiana Firenze-Accademia Italiana di Lingua) int.IT (livello B2-Università degli Studi di Roma Tre)
C1	Certificado de superación das probas terminais de nivel C1 en italiano das escolas oficiais de idiomas Certificado di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 4 (CELI 4) (Università per Stranieri di Perugia) CILS Tre C1 (Università per Stranieri di Siena) PLIDA C1 (Società Dante Alighieri di Roma) DALI C1 (Diploma Avanzato I di Lingua Italiana Firenze-Accademia Italiana di Lingua)
C2	Licenciatura en filoxía italiana Licenciatura en tradución e interpretación (lingua B italiano) Certificado di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 5 (CELI 5) (Università per Stranieri di Perugia) CILS Quattro C2 (Università per Stranieri di Siena) PLIDA C2 (Società Dante Alighieri di Roma) DALI C2 (Diploma Avanzato II di Lingua Italiana "Firenze"-Accademia Italiana di Lingua) IT (livello C2-Università degli Studi di Roma Tre)

**Portugués**

A2	Certificado de nivel básico de portugués das escolas oficiais de idiomas Certificado Inicial de Português Língua Estrangeira (CIPE-Instituto Camões) UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) portugués nivel A2
B1	Certificado de nivel intermedio de portugués das escolas oficiais de idiomas Certificado de ciclo elemental en portugués das escolas oficiais de idiomas Diploma Elemental de Português Língua Estrangeira (DEPLE-Instituto Camões)
B2	Certificado de nivel avanzado de portugués das escolas oficiais de idiomas Certificado de aptitude (ciclo superior) en portugués das escolas oficiais de idiomas Diploma Intermédio de Português Língua Estrangeira (DIPLE-Instituto Camões)
C1	Certificado de superación das probas terminais de nivel C1 en portugués das escolas oficiais de idiomas Diploma Avançado de Português Língua Estrangeira (DAPLE-Instituto Camões)
C2	Licenciatura en filoxía portuguesa Licenciatura en tradución e interpretación (lingua B portugués) Diploma Universitário de Português Língua Estrangeira (DUPLE-Instituto Camões)

**Ruso**

A2	Certificado de nivel básico de ruso das escolas oficiais de idiomas BLT/TBY (Basic Level Test. Universidade Estatal de Moscú) UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Ruso nivel A2
B1	Certificado de nivel intermedio de ruso das escolas oficiais de idiomas Certificado de ciclo elemental en ruso das escolas oficiais de idiomas TORFL-1/TRKI-1 (Test of Russian as a Foreign Language-Intermediate. Universidade Estatal de Moscú)
B2	Certificado de nivel avanzado de ruso das escolas oficiais de idiomas Certificado de aptitude (ciclo superior) en ruso das escolas oficiais de idiomas TORFL-2/TRKI-2 (Test of Russian as a Foreign Language-Advanced. Universidade Estatal de Moscú)
C1	Certificado de superación das probas terminais de nivel C1 en ruso das escolas oficiais de idiomas TORFL-3/TRKI-3 (Test of Russian as a Foreign Language-Proficiency. Universidade Estatal de Moscú)
C2	Licenciatura en filoxía eslava Licenciatura en tradución e interpretación (lingua B ruso) TORFL-4/TRKI-4 (Test of Russian as a Foreign Language-Fluency. Universidade Estatal de Moscú)

**Xaponés**

A2	Certificado de nivel básico de xaponés das escolas oficiais de idiomas 日本語能力試験-Noken/Japanese-Language Proficiency Test 3 (JLPT 3-Japan Foundation) 日本語能力試験-Noken/Japanese-Language Proficiency Test N4 (JLPT N4-Japan Foundation)
B1	Certificado de nivel intermedio de xaponés das escolas oficiais de idiomas Certificado de ciclo elemental en xaponés das escolas oficiais de idiomas 日本語能力試験-Noken/Japanese-Language Proficiency Test 2/N2 (JLPT 2/N2-Japan Foundation)
B2	Certificado de nivel avanzado de xaponés das escolas oficiais de idiomas Certificado de aptitude (ciclo superior) en xaponés das escolas oficiais de idiomas 日本語能力試験-Noken/Japanese-Language Proficiency Test 1/N1 (JLPT 1/N1-Japan Foundation)
C1	—
C2	Licenciatura en estudos de Asia Oriental

**CONSELLERÍA DO MAR**

~~Orde do 31 de marzo de 2011 pola que se modifica a Orde do 26 de outubro de 2004, pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que pesquen en augas da Comunidade Autónoma de Galicia.~~

~~A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, establece no seu artigo 2º: «A política pesqueira galega ten por finalidade a viabilidade duradeira do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego, garantindo a mellora das condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a estas actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais», así como no artigo 6º dispón: «A política da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia terá como obxectivos en relación coa conservación e a xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros, entre outros, os de: 1. O establecemento e a regulación de medidas dirixidas á conservación, a xestión e a explotación responsable, racional e sustentable dos recursos mariños vivos (...).».~~

~~O artigo 18º bis da Lei de pesca de Galicia, regula a expedición do permiso de explotación, establecendo desta maneira: «Os permisos de explotación para a pesca profesional serán expedidos especificamente para artes ou zonas determinadas. Poderán ser estacionalmente alternantes e non se autorizará o uso de dúas artes simultaneamente. En función do estado dos recursos, poderanse outorgar cambios nas artes ou nas zonas incluídas nos permisos de explotación atendendo aos criterios de obxectividade, equidade e transparencia».~~

~~En virtude da nova Lei de pesca de Galicia, publicouse o Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, incorporando novas artes e aparellos.~~

~~A Orde do 26 de outubro de 2004, pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que pesquen en augas da Comunidade Autónoma de Galicia, ten como obxecto a determinación das artes ou modalidades de pesca nos permisos de explotación das embarcacións e a alternancia entre elas, establecendo o número máximo de artes de pesca por embarcación, a posibilidade de cambio nuns supostos concretos así como o seu procedemento.~~

~~Esta orde sufriu dúas modificacións, nun primeiro momento, pola Orde do 3 de maio de 2007, que establece as modalidades de pesca ás cales se pode solicitar cambio temporal, e posteriormente, pola Orde do 26 de marzo de 2009, introduciuse un sistema informatizado de rexistro da actividade pesqueira, e estableceu un novo procedemento de rexistro de actividade e cambio de artes.~~